



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



### Convocatoria Primeira Sede Liga Galega Freestyle 2026

## Convocatoria Primeira Sede Liga Galega Freestyle LGPF 2026

Organizada en colaboración co club anfitrión **Meigas Rodas**, celebrarase a **Primeira Sede da Liga Galega de Freestyle** desta tempada **2026**, nas divisións **SUB 15 mixta** e **ABSOLUTA mixta**, e nas probas de **Roller Cross**, **Team Speed** e **Salto**.

### 1 LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN

**Polideportivo A Carballeira “Secundino Basalo”**, Rúa Hórreo, 13, 32002, Ourense, o día **28 de febreiro de 2026**, na pista do pavillón mencionado, sendo o chan de **cemento pulido** e usándose os elementos adecuados para as probas de **Roller Cross** que correspondan.

Ligazón da localización:

[Polideportivo A Carballeira “Secundino Basalo”](#)

### 2 NORMATIVA XERAL.

A presente sede da **Liga Galega de Patinaxe Freestyle (LGPF) 2026** rexerase polas **Bases de Competición da LGPF 2026** e polas **Bases de Competición de Patinaxe Freestyle 2026 da FGP**, aplicándose ademais o **Regulamento técnico vixente de cada disciplina** (Roller Cross, Street, Derrapes, Salto, Team Speed e Team Battle) e todos os comunicados, actualizacións e indicacións que publique a **FGP/RFEP** a través do seu **Comité Galego de Patinaxe Freestyle (CGF)**.

O **CGF** poderá establecer **criterios operativos** (grupos internos A/B, orde de saída, axustes horarios, límites de participación, etc.) que se indicarán expresamente nesta convocatoria e/ou na reunión preparatoria de delegados/as, sendo de **obrigado cumprimento**.

**Sistema de puntuación de Liga:** para efectos da clasificación xeral por equipos, aplicarase o sistema de **Puntos de Liga por posición** recollido no **punto 8 das Bases LGPF 2026**.

#### 2.1. Puntualizacións relevantes para esta sede (Adaptación LGPF 2026)

##### a) Salto (Free Jump) - Adaptación LGPF 2026

A altura inicial de cada patinador/a deberá estar **declarada previamente dentro de prazo (venres 27 de febreiro de 2026 ás 14:00 h)** e será de **obrigado cumprimento como primeiro intento**. Se non se declara en prazo, asignarase automaticamente a **40 cm** (ou a **mínima de categoría** se a convocatoria o fixa).

##### b) Team Speed - Adaptación LGPF 2026

O formato será **KO por tempo (con cronometraxe)** e os enfrontamentos rematan cando un equipo **acada 3 vitorias** (sen necesidade de completar 5 carreiras se xa gaña as 3 primeiras). Só se revisará este formato por **incidencia técnica grave de cronometraxe**, informándose aos equipos coa maior brevidade posible.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
[www.fgpatinaxe.com](http://www.fgpatinaxe.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



# Convocatoria Primeira Sede Liga Galega Freestyle 2026

## 3 PARTICIPACIÓN E INSCRIPCIÓN

Serán requisitos indispensables para cada patinador/a:

- Ter **licenza autonómica vixente 2026** na especialidade correspondente.
- Estar **correctamente inscrito/a** segundo o procedemento indicado nesta convocatoria.
- Pertencer a un **equipo inscrito** na categoría correspondente, de acordo coas Bases LGPF 2026 (mínimo de deportistas, condicións de estabilidade do equipo, etc.).

### 3.1. Inscripcións, prazos e delegados/as

a) **Inscripción de equipos:** ata o venres 27 de febreiro de 2026 ás 14:00 h, mediante a excel remitida por mail (adxunta ao correo de notificación desta convocatoria).

*(A excel inclúe a columna de **altura inicial de Salto** para facilitar a comunicación obrigatoria.)*

b) **Inscripción individual na sede e disciplinas:** a través da Intranet oficial da FGP ata o venres 27 de febreiro de 2026 ás 14:00 h.

Se algún club non dispón de acceso operativo á Intranet por motivos administrativos, poderá solicitar ao CGF un procedemento alternativo, que deberá pedirse e xustificarse dentro de prazo.

**Delegado/a do equipo:** na inscrición deberá identificarse a persoa delegada, que actuará como interlocutora oficial ante organización e Xuíz Principal durante toda a xornada.

### 3.2. Comunicación obrigatoria para Salto (altura inicial) – Adaptación LGPF 2026

Para a disciplina de **Salto**, cada equipo deberá remitir dentro do **prazo de inscrición** un listado coa **altura inicial** de cada patinador/a que participe en Salto, segundo o indicado nas **Bases LGPF 2026**. A falta desta comunicación implicará **asignación automática** da altura inicial (**40 cm** ou mínima de categoría) e será igualmente **obrigatorio** o seu intento como primeiro salto.

### 3.3. Reunión preparatoria

Poderá celebrarse unha reunión preparatoria cos/as delegados/as segundo o indicado nesta convocatoria, para confirmar formato, grupos, orde de participación e cuestións operativas. As instrucións organizativas comunicadas nesa reunión serán de **obrigado cumprimento**.

## 4 Reclamacións e protestos (procedemento xeral)

As reclamacións e protestos rexeranse pola normativa vixente e polo criterio do **Xuíz Principal**, seguindo un procedemento xeral inspirado no marco RFEP:

- Só poderán presentar reclamacións as persoas **delegadas** acreditadas do equipo.
- As reclamacións deberán presentarse **exclusivamente polo/a delegado/a** do equipo, ante o/a **Responsable de Competición**, e **por escrito** (preferentemente na plantilla facilitada polo Xuíz



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaxe.com](http://www.fgpatinaxe.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### Convocatoria Primeira Sede Liga Galega Freestyle 2026

Principal, se está dispoñible). Para as reclamacións relativas a resultados/puntuacións publicados, o prazo máximo será de **5 minutos desde a publicación dos mesmos**. A reclamación deberá ir acompañada dunha fianza de **100 € en efectivo**, que será devolta no caso de que a reclamación sexa estimada (ou se determine que o obxecto non é revisable e non procede a súa tramitación) e **non será devolta** no caso de que sexa desestimada. Só se aceptarán, de ser o caso, vídeos procedentes de medios oficiais, non admitíndose gravacións externas.

- Non se admitirán reclamacións presentadas fóra de prazo ou por persoas non acreditadas.
- O Xuíz Principal poderá resolver no momento ou elevar a cuestión, se procede, aos órganos competentes conforme normativa.

## 5 INCOMPARENCIAS

Calquera patinador/a ou equipo que, tras formalizar a inscrición, desexe causar baixa, deberá comunicalo dentro dos prazos establecidos nesta convocatoria.

**Prazo de baixa ordinario:** a baixa deberá comunicarse como máximo dentro das **12 horas posteriores ao fin de inscricións** (isto é, ata as **02:00 h do sábado 28/02/2026**), salvo que a organización estableza outra referencia horaria por causas técnicas.

As baixas comunicadas fóra de prazo só serán aceptadas en **casos excepcionais debidamente xustificadas**, podendo derivarse, se non existe xustificación aceptada, ás actuacións disciplinarias correspondentes conforme normativa FGP/RFEP. Para a consideración de **causa xustificada**, aplicarase o establecido no **punto 10 das Bases LGPF 2026**.

**Substitucións:** o equipo poderá substituír un/ha deportista de baixa por outro/a do mesmo club sempre que cumpra as condicións de participación e inscrición e se axuste ao procedemento indicado pola organización para esa sede.

**Equipo incompleto:** un equipo poderá participar aínda que non dispoña de todos os/as deportistas previstos, asumindo as consecuencias deportivas do formato de cada disciplina. Os resultados non cubertos computarán como **0** cando así proceda, e en **Team Speed / Team Battle** aplicaranse as regras específicas previstas nas **Bases LGPF (Adaptación LGPF 2026)**.

**Retirada sen causa xustificada dunha disciplina:** supón **0 puntos de Liga** nesa disciplina e poderá implicar apertura de procedemento disciplinario.

**Retirada da Liga:** a retirada dun equipo da Liga sen causa xustificada aceptada poderá ter consecuencias deportivas e disciplinarias e, en todo caso, supón a **renuncia ao dereito de recibir calquera premiación asociada á LGPF**, pasando a ocupar o seu lugar o seguinte equipo na clasificación por puntos, segundo as Bases.

## 6 PROGRAMA DE COMPETICIÓN ORIENTATIVO

### SÁBADO, 28 DE FEBREIRO

- Reunión de delegados
- Roller Cross (Sub 15 - Absoluta)
- Speed Por Equipos (Sub 15 - Absoluta)
- Salto (Sub 15 - Absoluta)
- Fin da xornada.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



### Convocatoria Primeira Sede Liga Galega Freestyle 2026

Dado que aínda non se coñece o número total de equipos e patinadores, o programa definitivo da competición publicárase tras o peche de inscricións na intranet.

A Coruña, 20 de febreiro de 2026



Fdo. José Manuel Lago Varela  
Comité Galego de Patinaxe Freestyle

